

# BANDO

## PROGRAMA DE TERMALISMO SOCIAL

**José M. Miñones Conde, alcalde-presidente do Concello de Ames (A Coruña),**

**Informa:**

- A todos os veciños e veciñas de Ames que o IMSERSO, a través deste concello, ofrece prazas para participar no Programa de Termalismo Social, mediante o que poderán gozar dunha estancia de 10 días (9 noites) ou 12 días (11noites), en réxime de pensión completa, con seguimento médico e tratamento termal, nun dos balnearios participantes neste programa.

- Este programa está dirixido a:

Pensionistas da Seguridade Social polos conceptos de xubilación ou incapacidade permanente, pensionistas de viuvez con 55 ou máis anos cumpridos; pensionistas por outros conceptos ou perceptor de prestacións ou subsidios de desemprego, con sesenta ou máis anos de idade. E todos aqueles con nacionalidade española que residan no estranxeiro e que cumpran os requisitos da convocatoria.

- Hai ofertados balnearios en todas as Comunidades Autónomas de España. Os prezos varían segundo o balneario e turno que se elixa. Para os ofertados na Comunidade Autónoma de Galicia, o prezo oscila entre os 203.60€ e os 471.80€, a escoller entre:

- Santiago de Compostela (Brión-A Coruña)
- Baños Viejos (Carballo-A Coruña)
- Guitiriz (Guitiriz-Lugo)
- Termas Romanas (Lugo)
- Río Pambre (Palas de Rei-Lugo)
- Augas Santas (Pantón-Lugo)
- Arnoia (A Arnoia-Ourense)
- Molgas (Baño de Molgas-Ourense)
- Laias (Laias-Ourense)
- Carballiño (O Carballiño-Ourense)
- Lobios (Lobios-Ourense)
- Acuña (Caldas de Reis-Pontevedra)
- Dávila (Caldas de Reis-Pontevedra)
- Caldelas de Tui (Caldas de Tui-Pontevedra)
- Termas de Cuntis (Cuntis-Pontevedra)
- Hesperia Illa da Toxa (A Toxa-Pontevedra)
- Baños de Brea (Merza-Vila de Cruces-Pontevedra)
- Mondariz (Mondariz-Pontevedra)

**Lugar e prazo de presentación de solicitudes:**

O prazo para presentar as solicitudes, nos Servizos Sociais do Concello, sera:

Para os turnos dos meses de febreiro ata agosto, ámbolos dous incluídos:

- Con prioridade na adxudicación de prazas nos citados meses: será ata o 8 de xaneiro de 2016, nas oficinas de servizos sociais do Concello, e ata o 11 de xaneiro de 2016 as remitidas directamente polo usuario as dependencias de Termalismo Social en Madrid.

- Para a súa inclusión na lista de agarda ata o 9 de maio de 2016, nas oficinas de servizos sociais do Concello, e ata o 11 de maio de 2016 as remitidas directamente polo usuario as dependencias de Termalismo Social en Madrid.

Para os turnos de setembro ata decembro, ámbolos dous incluídos:

- Con prioridade na adxudicación de prazas: será ata o 9 de maio de 2016 nas oficinas de Servizos Sociais do Concello, e ata o 11 de maio de 2016 as remitidas directamente polo usuario ás dependencias de Termalismo Social en Madrid.

- Para a súa inclusión en listas de agarda será ata o 28 de outubro de 2016 nas oficinas de Servizos Sociais do concello e ata o 31 de outubro de 2016 as remitidas directamente polo usuario ás nas dependencias de Termalismo Social en Madrid).

A información e a tramitación de solicitudes serán facilitadas nas oficinas de Servizos Sociais do Concello, situadas no centro sociocultural de Bertamiráns e nas novas oficinas do Milladoiro, sita na Rúa de Abaixo, 10, sempre previa cita, chamando os teléfonos 981 890964 e 981 535941, respectivamente.

Ames, 30 de decembro de 2015

O alcalde,



ALCALDÍA

Asdo.: José M. Miñones Conde